



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DENTRO DO PLAN CUADRIENAL 2021/2024 DE MEMORIA DEMOCRÁTICA EN GALICIA 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo as tarefas do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de interese público realizar accións conxuntas para actuacións dentro do plan cuadrienal de memoria democrática de Galicia 2022.



PROGRAMA EXPOSITIVO

O Plan cuadrienal obxecto deste convenio integra tres liñas estratéxicas fundamentais das políticas públicas de Memoria Democrática que se pretenden desenvolver ao longo do período (2021-2024), aínda que os seus obxectivos sexan revisables de forma anual.

Estas liñas estratéxicas son:

- *Localización, exhumación e identificación de vítimas.*
- *Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.*
- *Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.*

Por parte da USC, a través do Grupo Histagra, que ten como IP ao Catedrático de Historia Lourenzo Fernández Prieto, coordinarase un equipo de investigación que desenvolverá os traballos en tres fases, definidas polas seguintes actuacións:

- *Actualización dos datos sobre fosas, documentación e localización.*
- *Mantemento e actualización do portal <http://fosas.nomesevoces.net/> onde se amosan os contactos para as familias e asociacións, así como o traballo do equipo proposto.*
- *Coordinación de traballos de exhumación e atención a familiares e asociacións para a recollida de datos, documentos e mostras forenses*
- *Investigacións preliminares e informe final: Documentación, coñecemento, entrevistas, arquivos*
- *Intervención arqueolóxica das fosas designadas para exhumar*
- *Investigación forense dos restos humanos a través do IMELGA*
- *Análise xenético dos restos a través do Instituto "Luís Concheiro" de Ciencias Forenses USC*

As tarefas a realizar en 2022 serán as seguintes:

- 1.- *Exhumación da fosa de Vilacova (Lousame, A Coruña).*
- 2.- *Exhumación da fosa de A Capela (A Coruña).*
- 3.- *Exhumación da Fosa de Celanova (Ourense).*





Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrncia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

